

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA
WEB www.paradela.es**

Por resolución da Alcaldía do día 2 de xullo de 2021, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa á contratación no Concello de Paradela, en réxime de persoal laboral temporal, de 1 posto de Peón, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a realización da proba de galego e valoración de méritos, do teor literal seguinte:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A LISTA
DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E NOMEAMENTO DO
TRIBUNAL**

Enviado o sondaio do Servizo Público de Emprego-Oficina de Sarria, oferta nº 12-2021-5132, en relación ao 1 posto de Peón.

De conformidade coas bases da convocatoria, aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 22 de xuño de 2021, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos, dos candidatos presentados e que participan no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria de 1 posto de Peón.



RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDOS:

JESÚS LOSADA LÓPEZ

JOSÉ ARIAS GONZÁLEZ

JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ CADAHÍA

—EXCLUÍDOS:

Ningún.

SEGUNDO. Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidatos, nin é necesario o trámite de emenda polos candidatos que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula quinta das bases que regulan este proceso de selección, dítarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, publicándose a relación definitiva de admitidos no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web www.paradela.es

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula quinta e sexta das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador:

— Presidenta: D^a. Maria Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. José López González, Empregado público do Concello de Dozón (Pontevedra).

— 1^o Vogal: D. José Luis Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D^a. Alicia de la Iglesia López, Empregada pública do Concello de Portomarín (Lugo).

— 2^o Vogal: D^a. Maria José Golas Moure, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).



— Suplente: D. Ana Candame Areosa, Empregada pública do Concello de Brion (A Coruña).

— 3º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: Dª. Antia Pena Dorado, Empregada pública do Concello de Ponteceso (A Coruña).

— Secretaria: Dª. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: Dª. Maria Cristina González Santín, Empregada pública do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

CUARTO. O día 7 de xullo de 2021, ás 9:00 horas, os candidatos que non dispoñen do CELGA 2 en cumprimento do establecido na cláusula terceira, apartado e), realizaran a proba que consistirá na tradución dun texto sobre o coñecemento do idioma galego, con cualificación de apto/non apto, con carácter eliminatorio e seguidamente o acto de valoración de méritos, do sistema de concurso, notifíquese a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, así como a designación do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a realización da proba de galego e a valoración de méritos.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde,

A secretaria,

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Asdo.: Ruth López-Mosquera García

Documento asinado ao marxe electronicamente”



Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, ante o alcalde do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

En Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.

O alcalde,

Documento asinado ao marxe electronicamente

